

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

INFANTIL

ÁREA DE LINGUA
ESTRANXEIRA

CURSO ESCOLAR: 2019/2020

CEIP DE PONZOS

ÍNDICE

1. Introducción e contextualización.....	3
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias básicas	4
3. Concreción dos elementos curriculares para cada nivel	5
4. Contidos e temporalización por nivel	7
5. Concrecións metodolóxicas que require a materia	10
6. Materiais e recursos didácticos que se vaian a utilizar	10
7. Avaliación	10
8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	12
9. Medidas de atención á diversidade	13
10. Mecanismo de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados obtidos.....	14

1. Introducción e contextualización

Segundo a LOE, parcialmente modificada pola LOMCE, di que a finalidade da Educación Infantil é contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual dos nenos/as e contribúe a través das distintas áreas ao desenvolvemento das competencias.

Deste modo, a Programación Didáctica é necesaria por varias razóns:

- Axuda a eliminar o azar e a improvisación.
- Sistematiza, ordena e concreta o currículo, contando con suficiente flexibilidade para deixar marxe á creatividade.
- Permite adaptar o traballo pedagóxico ás características culturais e ambientais do contexto.

Para este curso 2019/2020, a etapa de Educación Infantil no CEIP de Ponzos, conta con 3 unidades: 4º, 5º e 6º de Educación Infantil. As cales teñen:

- 4º de Infantil: 23 alumnos.
- 5º de Infantil: 25 alumnos.
- 6º de Infantil: 24 alumnos.

2. Contribución ao desenvolvemento das competencias básicas

Tal e como se establece no anexo II do Decreto 330/2009, do 4 de xuño, farase unha achega ás competencias, aspecto realmente importante para o desenvolvemento dos nenos e nenas.

Polo tanto, a contribución ás mesmas tomarase como vía de materialización da aprendizaxe significativa que inspira, á súa vez, o traballo globalizado, ben sexa a través das Unidades Didácticas, secuencias ou proxectos.

Deste xeito, farase unha achega nos diferentes momentos da xornada a todas e cada unha das competencias, como poden ser:

Competencias		Actividades
Comunicación lingüística	Escoitar Falar Desfrutar lendo	Rutina de asemblea Lectura de libros, imáxenes... Traballo de cancións e vídeos Preguntas respostas simples Vocabulario novo
Matemática	Operacións básicas Pensamento lóxico	Calendario Tempo atmosférico Números, tamaños e formas xeométricas básicas
Coñecemento e interacción co mundo físico	Coñecer os elementos do medio Exercicio e saúde	Rutinas de hixiene Obradoiros plásticos Festividades
Tratamento da información e competencia dixital	Uso crítico das TIC	Encender/Apagar Xogar na pizarra dixital
Social e cidadá	Escoitar Empatizar Conversar Coñecer e defender os dereitos Negociar Convivir Participar Ser solidario Respectarse a si mesmo e aos demais	Asemblea Normas da clase Resolución de conflitos Carné de comportamento
Cultural e artística	Observar Expresar sentimentos, ideas, emocións... Desfrutar con actividades plásticas, musicais e dramáticas	Obradoiros plásticos Cancións
Aprender a Aprender	Presentación Esforzo individual Traballo en equipo	Rutinas diarias da asemblea Traballo na clase
Autonomía e iniciativa persoal	Innovar Asumir responsabilidades Aceptar os cambios Traballo en equipo	Resolución de conflitos

3. Concreción dos elementos curriculares para cada nivel

A continuación preséntase unha táboa na que aparecen relacionados os elementos curriculares que establece o *Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, que son adaptados ó nivel de concreción das aulas do noso centro.*

Deste modo e como se pode ver a continuación, indicaranse obxectivos, contidos e criterios de avaliación do currículo e adaptados ó noso centro para a área de linguaxes:: comunicación e representación en relación coa Lingua estranxeira: inglés.

(A3) LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN				
Nivel	Obxectivos	Contidos: Escotar, falar e conversar e Achegamento á literatura	Criterios de avaliación	Ítems de avaliación XADE
4º, 5º e 6º EI	<p>Saúdos, despedidas e fórmulas de cortesía.</p> <p>Adquisición de léxico acorde a súa idade sobre temas familiares.</p> <p>Respecto polos iguais.</p> <p>Fomentar o interese pola lingua estranxeira.</p> <p>Relacionar accións e léxico.</p> <p>Introdución á literatura na lingua estranxeira.</p>	<p>Utilización e valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos; para adquirir coñecementos; para expresar e comunicar ideas, sentimentos; para facer peticións e como mecanismo para regular a propia conduta e das demais persoas.</p> <p>Uso progresivo, acorde coa idade, de léxico variado, aumentando a precisión na busca dunha maior estruturación das súas fases.</p> <p>Emprego aceptado das formas socialmente establecidas para relacionarse coas demais persoas: saúdos, despedidas, fórmulas de cortesía, cumprimentos...</p>	<p>Utilizar a lingua oral d modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas.</p> <p>Comprender mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.</p> <p>Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira, interesándose por participar en interaccións orais en rutinas, xogos e situacións habituais de comunicación.</p> <p>Utilizar a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo, de</p>	<p>Mantén unha actitude positiva cara á lingua estranxeira</p> <p>Participa activamente nas actividades que combinan o uso da lingua e a resposta corporal</p> <p>Emprega expresións convencionais de cortesía de saúdo, na lingua estranxeira</p> <p>Emprega expresións convencionais de cortesía de despedida, na lingua estranxeira</p> <p>Emprega expresións convencionais de cortesía de agradecemento, na lingua estranxeira (6º EI)</p>

		<p>Interese por participar en interaccións orais en lingua estranxeira, en rutinas e situacións habituais de comunicación, amosando unha actitude positiva cara esta lingua.</p> <p>Participación creativa en xogos lingüísticos acompañados de respostas corporais para divertirse e para aprender na compañía de iguais e de persoas adultas.</p> <p>Introdución ao uso das bibliotecas de centro e de aula como un medio máis de aproximación á literatura e como espazo privilexiado de recursos para a diversión e o coñecemento.</p>	<p>entretemento e gozo.</p> <p>Utilizar, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación.</p>	
--	--	--	---	--

4. Contidos e temporalización por nivel

Estes contidos poderán sufrir variacións tendo en conta de que a mestra non coñece aos alumnos e poden xa ter adquiridos algúns dos conceptos dos anos anteriores.

4º Educación Infantil

Units	Timing	Active language	Receptive language
1.Introduction	September	Hello Goodbye/See you Big/small	What's your name? Please/thank you Let's + verb
2.My class & school	September/October	Yes/No Red, green, yellow, blue Circle Happy/sad	How is the weather? How are you today? Who's missing today? Come here, please. Be quiet, please. Look. Listen. What colour is it? Chair, table, mat, door, window, teacher, books, crayons.
3. Halloween & body	October/November	Boy/girl Pumpkin, monster, skeleton, bat Parts of the body: head, eyes, mouth, nose, ears, toes Numbers: 1,2,3,4,5 Colours: + orange, black	I'm a...(boy/girl) This is my... What is it? Touch/move/shake Hold hands Up/ down
4.Toys & Christmas	November/December	Ball, doll, teddy, car Present/ toy Santa Claus	What's this/it? This is...It's a/I have... Merry Christmas Snowflake
5.Clothes	January	Boots, shoes, hat, coat, umbrella...	Put on...take off... What are you wearing? I'm wearing...
6.Farm animals	January / February	Dog, cat, cow, horse, chicken, duck, pig Numbers 1-10	What's this? It's a/an... What colour is it? Is it big or small?
7. Easter & Weather	March /April	Easter egg/rabbit, chocolate, basket Sunny, cloudy, rainy, snowy	What it is? What colour is it? I can see... Put the pictures in order.
8. Vegetables //Food	April / May	Pizza, cereal, potato, tomato... Banana, apple, sandwich, milk, water...	I like...I don't like... Do you like...? Can I have...?
9. Summer	June	Review everything	Review everything

5º Educación Infantil

Units	Timing	Active language	Receptive language
1.Introduction	September	Hello Goodbye/See you My name is... Boy /girl	What's your/his/her name? Who's+doing sth? Sb is + doing sth Come here, stand up, it's your turn. Up/down
2.My class & school	September/October	Yes/No It's hot/cold/sunny/ rainy/windy/cloudy/snowy bag, table, chair, pencil, crayon, book. Happy/sad/angry/sleepy Numbers: 1-10 Colours	How is the weather? How are you today? Who's missing today? Stand up/sit down/turn around. Come here, please. Be quiet, please. Look. Listen. What colour is it? Are you ready for...?
3.Family & Halloween	October/November	Mummy/daddy/brother/sister Tall/short Pumpkin/ghost/monster Skeleton/bat	This is my... Who's is this...? I've got... Have you got...?
4. Christmas	November/December	Present/toy Santa Claus Christmas tree/card/star	What's this? This is.../It's a/an... This is the...
5. My body	January / February	Body Head, shoulders, knees, toes Ears, eyes, nose, mouth Boy/girl	Touch, move, shake your... Hold hands Wash your hands/face Brush your hair/teeth
6. Clothes & Carnival	January / February	Clothes & accessories: jacket, trousers, hat, T-shirt, glasses, shoes, boots, coat. Masks.	What is he/she wearing?
7. Food & Easter	March /April	Food: apple, orange, sandwich, milk, juice, water, broccoli, yogurt, banana, watermelon, peach, tomato... Chocolate, basket, rabbit, Easter egg.	I like+noun I don' like+noun Dou you like...? Which is your favourite food? Can I have a/an/some...? There is/are...
8. Animals	April / May	Wild animals: lion, tiger, elephant, giraffe. Farm animals: cow, duck,	Where does (any animal) live/eat? What does (any

		horse, hen, pig, sheep, rooster, goat... Pets: dog, cat, turtle, fish...	animal) do? Which sound does (an elephant) make?
9. Vehicles	June	Bus, car, bike, plane, boat. Review	What is this? This is...

6º Educación Infantil

Units	Timing	Active language	Receptive language
1.Introduction	September	Hello Goodbye/See you My name is... Boy /girl	What's your/his/her name? Who's+doing sth? Sb is + doing sth Come here, stand up, it's your turn. Up/down
2. Classroom & school	September/October	Yes/No It's hot/cold/sunny/ rainy/windy/cloudy/snowy/foggy bag, table, chair, pencil, crayon, book. Happy/sad/angry/sleepy/scared Toilet, classroom, playground, Numbers: 1-20	How is the weather? How are you today? Who's missing today? Stand up/sit down/turn around. Come here, please. Be quiet, please. Look. Listen. What colour is it? Are you ready for...? Who's the helper/assistant? Let's count the children.
3.Family & Halloween	October/November	Mummy/daddy/brother/sister/baby Grandma/grandpa Tall/short Pumpkin/ghost/monster/witch Bat/vampire/spider	This is my... Who's is this...? I've got... Have you got...?
4. Home & Christmas	November/December	Parts of the house Present/toys Santa Claus Xmas tree, Xmas card, Xmas ball, stars.	What's this? This is.../It's a/an... This is the... We wish you a Merry Christmas.
5. My body	January / February	Body Head, shoulders, knees, toes Ears, eyes, nose, mouth,	Touch, move, shake your... Hold hands

		tummy/belly	Clap your hands. Blow your nose.
6. Jobs & Carnival	January/February	Clothes & accessories: sweater, coat, trainers, boots, gloves, umbrella. Scarf, Mask.	What is he/she wearing? Who's wearing...? Let's dress up.
7. Food & Easter	March / April	Food: apple, orange, sandwich, milk, juice, water, broccoli, yogurt, banana, watermelon, peach, tomato, spaghetti, lasagne... Chocolate, basket, rabbit, Easter egg. Hop, hide and seek.	I like+noun I don' like+noun Do you like...? Which is your favourite food? There is...
8. Animals	April / May	Wild animals: lion, tiger, elephant, giraffe. Farm animals: cow, duck, horse, hen, pig, sheep, rooster, goat... Pets: dog, cat, turtle, fish...	Where does (any animal) live/eat? What does (any animal) do? Which sound does (an elephant) make? Is it wild/domestic animal?
9. Summer: travelling & beach	June	Transports: bus, car, bike, plane, boat. Review	What is this? This is...

5. Concrecións metodolóxicas que require a materia

Estará baseada no método Total Physical Response de James Asher, que trata de asociar o léxico cunha acción. Ademais disto, usase moito a linguaxe oral, tanto en Expresión como en Comprensión.

6. Materiais e recursos didácticos que se vaian a utilizar

Non se contempla o uso de libros, como alternativa, usaranse cancións, vídeos, e actividades e fichas feitas pola mestra.

7. Avaliación

A avaliación é unha práctica habitual permanente do profesorado dirixida a obter datos encamiñados á mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe, sendo a súa finalidade a de

identificar as aprendizaxes adquiridas e o ritmo e características da evolución de cada nena ou neno.

A avaliación na Educación Infantil é **global** (tomando como referente as capacidades expresadas nos obxectivos xerais, axeitados ó contexto), **continua** (orientada a proporcionar permanentemente información sobre o proceso de ensino e aprendizaxe) e **formativa** (sendo susceptibles de avaliación todos os compoñentes do proceso de ensino e aprendizaxe e non soamente os resultados do alumno/a), sendo a **observación directa e sistemática, a análise das producións das nenas/os e a entrevista inicial coas familias ou titores legais** as principais técnicas no proceso avaliativo, tal e como se recolle na *Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia*.

En primeiro lugar levaremos a cabo unha **avaliación inicial** que pretende proporcionar información sobre a situación da que parte o alumno/á ó chegar á escola.

A **avaliación continua** permite a valoración do desenvolvemento das aprendizaxes dos alumnos/as a través da **recollida continua** de datos. Recollerase esta información en **anecdóticos**.

O carácter desta **avaliación continua será formativa**, xa que, permite tomar decisións que melloren o proceso educativo. Esta avaliación ten a vantaxe de que permite levar a cabo un ensino individualizado ao mostrar as diferenzas no ritmo de aprendizaxe dos alumnos. Segundo os resultados, poderanse levar a cabo actividades de apoio para os alumnos/as que presenten dificultades, variando os materiais, utilizando procedementos máis intuitivos, reforzando os logros destes alumnos/as. No desenvolvemento das unidades ou proxectos especificaranse actividades previas, de desenvolvemento, avaliación, reforzo e consolidación.

É importante recalcar o emprego de **rexistros de avaliación** como instrumentos de avaliación continua que axudan ao profesorado a obter a información que necesita para determinar o grado de consecución dos obxectivos.

Finalmente, a avaliación quedará reflexada a través dos ítems escollidos en **Xade**, presentes na táboa do Apartado 3. Nestes ítems, o grao de consecución serán os seguintes:

- Sen dificultade
- En Proceso
- Con Dificultade.

8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

Indicador de logro	Si/ Ás veces/ Non	Comentario
Os obxectivos e contidos son os axeitados para conseguir un axeitado grao de desenvolvemento das competencias básicas		
Temporalización das unidades didácticas		
A metodoloxía empregada está favorecendo o desenvolvemento das competencias básicas		
Os recursos utilizados son axeitados para traballar os contidos propostos		
A utilización das TIC vese reflectida en cada área		
O alumno/a e a súa familia implícanse no proceso educativo		
As medidas adoptadas respecto a atención á diversidade abranguen a tódolos alumnos e alumnas		
Os instrumentos de avaliación son suficientes e axeitados		

9. Medidas de atención á diversidade

A aceptación da diversidade é un aspecto moi importante que supón, por parte dos mestres, unha análise e reflexión sobre o seu alumnado, aceptando que cada un deles ten os seus propios intereses, capacidades e necesidades. Neste senso, a nosa intervención educativa irá encamiñada a favorecer a individualización da aprendizaxe ofrecéndolle a cada nena ou neno a axuda pedagóxica que precise en cada momento.

Deste modo, as estratexias que empregaremos para garantir a atención á diversidade son: **adaptarnos ós ritmos individuais modificando os tempos de actividades; adecuar a axuda pedagóxica valorando os resultados dos procesos de avaliación**, a través da avaliación continua e a auto avaliación; **adecuaremos a metodoloxía ás necesidades do momento**, adaptando os espazos, recursos, agrupamentos...; **e atenderemos as diferencias individuais adecuando cada actividade**, xa sexa a través dun reforzo, ampliación, atención individualizada, organización dun grupo... Así, podemos afirmar que a programación terá un carácter aberto e flexible, adaptándose á totalidade dos alumnos, tal e como se establece no *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.*

**10.Mecanismo de revisión, avaliación e modificación das programacións
didácticas en relación cos resultados obtidos**

Aspectos a avaliar	A destacar	A mellorar	Proposta de mellora
Desenvolvemento da programación			
Relación entre obxectivos, contidos e criterios de avaliación			
Adecuación dos anteriores ás necesidades reais			
Aprendizaxes acadadas polos alumnos			
Medidas de atención á diversidade			
Adecuación de medios e metodoloxía ás necesidades reais			
Coordinación entre o profesorado			